

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A MODIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS ESTABLECIDAS NO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CORRESPONDENTE Á ZONA TERMAL E PARQUE DO "PARQUE TERMAL DE PONTE CALDELAS" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

FEITOS

1. O 18 de decembro de 2025 a Axencia de Turismo de Galicia subscribiu un convenio de colaboración co Concello de Ponte Caldelas, en virtude do cal a Axencia se comprometeu a realizar unha achega por importe de 400.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2022 00001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026.

Pola súa parte, o Concello asumiu o financiamento do IVE correspondente, por importe de 84.000,00 €.

2. O prazo de xustificación da execución da actividade subvencionada remata o 30 de xuño de 2026, de conformidade co disposto na cláusula décima do citado convenio.

3. No convenio determináronse unhas partidas concretas, das previstas no proxecto, que serían financiadas con cargo aos 400.000,00 € conveniados, e que se correspondían co seguinte resumo por capítulos e subcapítulos:

Eixo Programático	Actuación	Importe
Eixo 1. Transición Verde e Sostible	EDIFICACIÓN SERVIZOS	89.700,98
	Movemento de Terras	25.190,32
	Saneamento horizontal	7.943,52
	Formigóns	33.715,66
	Capela	21.522,48
	Seguridade e Saúde	1.329,00
	ZONA TERMAL E PARQUE	246.433,47





Actuacións previas	7.544,71
Formigóns	31.737,50
Mobiliario, peches e xardinería	64.410,20
Acabados e varios	19.048,18
Pavimentos	23.512,27
Saneamento e abastecemento	22.073,96
Instalacións iluminación	78.106,65
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	336.134,45
13% Gastos Xerais	43.697,48
6% Beneficios industriais	20.168,07
TOTAL ORZAMENTO ESTIMADO	400.000,00
21% IVE	84.000,00
TOTAL ORZAMENTO	484.000,00

4. Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión realizada en data 26.02.2026, adxudicouse o contrato para a execución das obras de construción do Parque Termal de Ponte Caldelas á empresa Construcións Castro Figueiró SLU (CIF B36258861), cun orzamento de adxudicación de 1.457.700,00 €, o que supón unha baixa de 42.300,00 €, un 2,82% do orzamento de licitación.

A obra foi iniciada en data 05.03.2026, do cal quedou constancia na correspondente acta de comprobación de replanteo e inicio de obra.

5. As unidades de obra que no convenio se tiña previsto executar con cargo á achega autonómica establecéronse en base a unha estimación das primeiras actuacións que se executarían, conforme ao plan de obra previsto no proxecto.

Unha vez adxudicado o contrato, avanzada a obra, e axustado o procedemento de execución aos medios do contratista adxudicatario, resultou posible delimitar cunha mellor precisión as unidades de obra que se poderían executar co financiamento do importe previsto no convenio.

6. O 25 de xuño de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Concello de Ponte Caldelas polo que solicita a modificación da distribución das unidades de obra financiadas ao abeiro do convenio, ao que se achega a relación definitiva das unidades de obra a executar no marco do convenio así como o informe explicativo do director de obra aos efectos da súa aprobación.



No escrito sinala que estas unidades, todas elas previstas no proxecto, quedan actualizadas, por capítulos e subcapítulos, do seguinte xeito con cargo aos 400.000,00 € + IVE recollidos no convenio:

Eixo programático	Actuación	Importe
Eixo 1. Transición Verde e Sostible	EDIFICACIÓN SERVIZOS	198.089,52
	Movemento de Terras	25.231,89
	Formigóns	84.942,82
	Cantería	31.117,34
	Cubertas e impermeabilizacións	26.191,59
	Albanelería e revestimentos	3.051,64
	Capela	20.991,59
	Control de calidade	828,24
	Xestión de residuos	1.400,70
	Seguridade e Saúde	4.333,71
	ZONA TERMAL E PARQUE	135.078,82
	Actuacións previas	4.813,60
	Formigóns	21.375,37
	Mobiliario, peches e xardinería	40.536,68
	Acabados e varios	7.800,57
	Instalacións iluminación	60.552,60
	INSTALACIÓN HIDRÁULICA TERMAL	12.720,16
	Abastecemento hidráulico	8.060,01
	Depuración	4.660,15
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL (prezo licitación)	345.888,50
	Baixa de adxudicación	9.754,05
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL (prezo de adxudicación)	336.134,45
	13% Gastos Xerais	43.697,48
	6% Beneficios industriais	20.168,07
	TOTAL ORZAMENTO ESTIMADO	400.000,00
	21% IVE	84.000,00
	TOTAL ORZAMENTO	484.000,00

7. Os cambios entre unha relación e outra débese as seguintes circunstancias:

-Por cuestións administrativas, a obra non se puido iniciar ata marzo de 2026, o que obrigou a concentrar o volume de obra previsto nun período de tempo curto (4 meses). A necesidade de reducir o tempo inicialmente previsto para a execución do importe do convenio debeuse resolver coa incorporación á obra de distintos equipos de traballo, que se concentraron na execución da edificación de servizos, xa que pola implantación do procedemento de



execución de obra resultou preciso rematar en primeiro lugar coa estrutura completa da edificación, para logo poder liberar espazo de traballo para outras actuacións. É por iso que se executa máis obra da prevista no capítulo primeiro (“edificación de servizos”) e menos no segundo (“zona termal e parque”).

-Incorpórase á relación unha pequena cantidade para o capítulo terceiro (“instalación hidráulica termal”). Isto débese a que, unha vez encargada a instalación termal a unha empresa especializada, esta debeu instalar unha pequena parte das canalizacións e dispositivos que quedarán incorporados na propia estrutura das pozas termais.

En todo caso, mantense o importe previsto no convenio, así como a súa finalidade e condicións, ao tratarse de unidades de obra previstas no proxecto e necesarias para a correcta execución da actuación subvencionada. As modificacións propostas responden exclusivamente ao axuste da planificación construtiva ás necesidades derivadas da execución da obra e aos medios empregados pola empresa adxudicataria, sen alterar o obxecto nin a finalidade do convenio.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



2. A cláusula terceira do convenio, establece que calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

3. A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia asinou o convenio de colaboración máis arriba indicado, segundo as facultades que lle confire o artigo 2 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro)

4. A solicitude de modificación foi presentada con anterioridade ao remate do prazo de xustificación previsto no convenio. A modificación proposta non altera o obxecto nin a finalidade da actuación subvencionada, non supón incremento da achega económica comprometida nin afecta ao cumprimento dos obxectivos previstos, limitándose á redistribución das unidades de obra financiadas en función das necesidades derivadas da execución material do proxecto. A súa autorización responde ao interese público de garantir a correcta execución e xustificación das actuacións financiadas con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, asegurando unha adecuada aplicación dos fondos públicos e o cumprimento da finalidade do convenio, sen prexuízo para terceiros.

Polo exposto,

RESOLVO

Autorizar a modificación das actuacións e da distribución das unidades de obra financiadas con cargo ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Ponte Caldelas para executar a zona termal e parque pertencente ao "Parque Termal de Ponte Caldelas" nos termos recollidos na solicitude presentada polo Concello de Ponte



Caldelas e na documentación técnica que a acompaña, mantendo inalterados o importe total da achega, a finalidade da subvención e o resto das condicións establecidas no convenio.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición ante esta Axencia Turismo de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de acordo cos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se lle notifica en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director de Turismo de Galicia

José Manuel Merelles Remy

